

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais núm. 1, 2 e 4

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria de data 31 de outubro do 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 4.º da Ordenanza fiscal núm. 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, engadindo un punto C.

Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 2, reguladora do imposto de actividades económicas, engadindo o artigo 3.º.

Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 4 da Ordenanza fiscal núm. 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, engadindo un punto 4.

As anteditas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da súa aprobación definitiva, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta día hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da modificación das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen se presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cambre, 5 de novembro de 2019.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Maria Dolores Pan Lesta

2019/8930